

**ORDENANZA FISCAL Nº30 REGULADORA
DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO
SERVICIO DE VIXILANCIA E COMPROBA-
CIÓN DE ALARMAS CENTRALIZADAS A
PARTICULARES E ESTABLECEMENTOS QUE
O SOLICITEN**

**NATUREZA, FUNDAMENTO E FEITO
IMPOÑIBLE**

ARTIGO 1

O Pleno do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa, en virtude das facultades que lle confieren os artigos 48, 117 e concordantes da Lei 39/88, do 28 de decembro, e co obxecto de fixa-la estrutura, contía e os demais aspectos necesarios para a xestión e recadación da Taxa pola prestación do servizo de VIXILANCIA E COMPROBACIÓN DE ALARMAS CENTRALIZADAS A PARTICULARES E ESTABLECEMENTOS QUE O SOLICITEN, sendo o seu contido o que se especifica neste texto, acorda:

SUXEITOS PASIVOS

ARTIGO 2

Serán suxeitos pasivos contribuíntes, as persoas físicas ou xurídicas e as Entidades ás que se refire o art. 33 da Lei Xeral Tributaria, que ocupen ou utilicen as vivendas e locais situados nos lugares, prazas, rúas ou vías públicas no que se preste o servizo, xa sexa a título de propietario ou de usufrutuário, habitacionista, arrendatario ou, incluso de precario.

Terán a consideración de suxeitos pasivos substitutos do contribuínte, o propietario das vivendas ou locais, que poderá repercutir, no seu caso, as cotas satisfeitas sobre os usuarios daquelas, beneficiarios do servizo.

RESPONSABLES

ARTIGO 3

Serán responsables solidarios das obrigacións tributarias dos suxeitos pasivos, as persoas físicas e xurídicas ás que se refiren os arts. 38.1 e 39 da Lei Xeral Tributaria.

Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos,

sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o art. 40 da Lei Xeral Tributaria.

CONTÍA

ARTIGO 4

A contía desta Taxa será de 150,25 € anuais.

A conexión á central de alarmas no momento que se realice e por unha soa vez, ascenderá á contía de 15,03 €.

O equipo a instalar nos establecementos ou vivendas que soliciten a prestación do servizo, será por conta dos interesados.

DEVENGO

ARTIGO 5

O devengo da Taxa nace dende que se preste o servizo especificado na Ordenanza.

O pago da Taxa acreditarase mediante recibo ós suxeitos pasivos incluídos nos padróns anuais ou no seu caso, polas Cartas de Pago expedidas pola Tesorería Municipal.

EXENCIÓNS E BONIFICACIÓNS

ARTIGO 6

Só se admitirán os beneficios que veñan establecidos en normas con rango de Lei ou derivados de Tratados ou Acordos Internacionais.

ADMINISTRACIÓN E COBRANZA

ARTIGO 7

Os interesados ó que lles sexan prestados os servizos regulados nesta Ordenanza, deberán presentar na oficina municipal, a solicitude de prestación do servizo, xunto coa Carta de Pago acreditativa do Abono da Taxa.

As débedas desta Taxa, poderán esixirse polo procedemento administrativo de constrinximento.

O período impositivo coincide co ano natural, agás no caso da primeira instalación. Neste suposto o período impositivo comenza o día no que se produza a correspondente solicitude.

O devengo prodúcese o primeiro día do período impositivo.

O importe da tarifa prorrátese por trimestres naturais nos casos de primeira instalación ou baixa da mesma.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA

ARTIGO 8

A 1 de xaneiro de 1999 queda derogada a Ordenanza Reguladora da taxa pola prestación do servico de vixilancia e comprobación de alarmas centralizadas a particulares e establecementos que o soliciten.

ENTRADA EN VIGOR

ARTIGO 9

O presente acordo foi aprobado polo Pleno deste Concello, en sesión celebrada o día 2 de novembro de 1998 e entrará en vigor o día 1 de xaneiro de 1999, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

Fecha modificación actual:

Publicado BOP (novo texto como taxa): 17/12/1998